

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS**

ANUNCIO do 11 de agosto de 2020 polo que se somete ao trámite de información pública o proxecto de construción de reformulación do proxecto de itinerario peonil e ciclista na AC-214, Sigrás, punto quilométrico 8+500-9+260, de clave AC/18/186.06, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto referenciado.

Antecedentes:

Mediante a Resolución do director da Axencia Galega de Infraestruturas do 6 de agosto de 2020 aprobouse provisionalmente o proxecto de construción da reformulación do proxecto de itinerario peonil e ciclista na AC-214. Sigrás, p.q. 8+500-9+260, de clave AC/18/186.06.

A Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, determina no seu artigo 6.2, que os espazos destinados a sendas para peóns ou para a circulación de ciclistas teñan a consideración de elementos funcionais da estrada. Tendo en conta este precepto, a Xunta de Galicia elaborou a Estratexia en materia de mobilidade alternativa de Galicia, entre cuxos obxectivos está o fomento dos sistemas de transporte alternativos aos motorizados, que permitan minimizar as repercusións sobre o ambiente e os seus impactos sociais e económicos. Os beneficios esperados con esta iniciativa son, entre outros, a mellora da mobilidade, a mellora da calidade do aire, da saúde, da igualdade e benestar da economía, do patrimonio e do urbanismo.

O treito que engloba o presente proxecto presenta unha lonxitude de 720 metros, desde a intersección tipo glorieta coa AC-213 e a N-550, dentro dos núcleos de A Telva, A Xira e A Pena de Sigrás de Abaixo.

Dado que xa existe unha senda pola marxe dereita da AC-214, dentro do ámbito deste proxecto, deseñáronse dúas actuacións diferentes:

- Desde o p.q. 8+560 ao 8+860 levarase a cabo unha renovación superficial da calzada existente, mediante o fresado e posterior reposición dunha capa de mestura betuminosa.



• Desde o p.q. 8+860 ao 9+280 executarase unha ampliación da sección tipo da calzada e a prolongación da senda existente ata a intersección da AC-214 coa N-550, mediante a construción dunha nova senda para o tránsito peonil e ciclista que dea continuidade á existente.

Outras actuacións complementarias: execución da necesaria drenaxe, sinalización vertical e horizontal, balizamento e defensas e acondicionamento de dúas das paradas de bus.

Considerando todo o exposto e o establecido na normativa vixente,

RESOLVO:

Primeiro. De acordo co establecido no artigo 21.1 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia e no artigo 50 do Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia, o mencionado proxecto de construción sométese ao trámite de información pública durante un período de trinta (30) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial Galicia*, para que as persoas que o consideren oportuno poidan formular por escrito, ante a Axencia Galega de Infraestruturas, as observacións que crean convenientes relativas á concepción global do trazado deseñado.

Segundo. Que, simultaneamente ao trámite sinalado no parágrafo anterior, e para os efectos previstos no artigo 56.1 do Decreto do 26 de abril de 1957 polo que se aproba o Regulamento de expropiación forzosa, sométese a información pública a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados pola realización da obra correspondente, para que os afectados presenten cantas alegacións ou rectificacións consideren convenientes en canto aos bens e dereitos descritos na relación anexa.

Terceiro. A exposición ao público, para os efectos da presente resolución, realízase na Axencia Galega de Infraestruturas (San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela), no Servizo de Infraestruturas da Coruña (rúa Vicente Ferrer, 2, 15071 A Coruña) e na Casa do Concello de Cambre (rúa Atrio, 1, 15660 Cambre, A Coruña). Así mesmo, na páxina web da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade (https://infraestruturasemobilidade.xunta.gal/organizacion/c/CIV_Axencia_Galega_de_Infraestruturas) atópase á disposición dos interesados o documento completo do proxecto de construción.

Santiago de Compostela, 11 de agosto de 2020

Francisco Menéndez Iglesias
Director da Axencia Galega de Infraestruturas





ANEXO

Relación de bens, dereitos e propietarios afectados

Proxecto de construción

Reformulación do proxecto de itinerario peonil e ciclista na AC-214. Sigrás.

P.q. 8+500-9+260

Clave AC/18/186.06

Concello de Cambre

| Nº | Ref. catastral | Polígono | Cuarteirón | Parcela | Propietario | DNI | Superficie (m ²) | Superficie afectada | Medición e descrición |
|----|----------------|----------|------------|---------|---------------------------------|-----------|------------------------------|---------------------|--|
| 1 | 1734201nh5913n | 99 | 17342 | 1 | Hdros. Manuel Iglesias Iglesias | ***1628** | 1.094,00 | 47,42 | <ul style="list-style-type: none"> - 1 m³ muro pedra e parte proporcional cimentación. - 6 m² muro bloque e parte proporcional cimentación. - 10 ml malla arame. - 47,42 m² s. urbano núcleo rural-horta. |
| 2 | 1636607nh5913n | 6 | 16366 | 7 | Pilar Louro Presedo | ***1368** | 965,00 | 13,81 | <ul style="list-style-type: none"> - 13,81 m² s. urbano núcleo rural-labradío. |
| 3 | 1636608nh5913n | 6 | 16366 | 8 | Carmen Trasande Suárez | ***0897** | 2.660,00 | 152,90 | <ul style="list-style-type: none"> - 27 ud. planta xardín. - 48 ml malla arame con tubos de ferro. - 29 m² muro bloque e parte proporcional cimentación. - 6 m² soleira formigón. - 152,90 m² s. urbano núcleo rural-horta. |
| 4 | 1734207nh5913n | 99 | 17342 | 7 | José Antonio López Cañas | ***2287** | 97,00 | 3,00 | <ul style="list-style-type: none"> - 3,00 m² s. urbano núcleo rural-fronte edificación. |
| 5 | 1535501nh5913n | 6 | 15355 | 1 | Matilde Trasande Suárez | ***8682** | 460,00 | 53,00 | <ul style="list-style-type: none"> - 12 ud. planta de xardín. - 1 ud. traslado contador auga. - 1 m³ formigón en columna. - 1 ud. traslado portal. - 7 m² soleira plaqueta. - 2 m³ muro formigón e parte proporcional cimentación. - 15 ml malla de arame. - 53 m² s. urbano núcleo rural-horta. |





| Nº | Ref. catastral | Polígono | Cuarteirón | Parcela | Propietario | DNI | Superficie (m ²) | Superficie afectada | Medición e descrición |
|----|----------------|----------|------------|---------|---------------------------------|-----------|------------------------------|---------------------|---|
| 6 | 1535502nh5913n | 6 | 15355 | 2 | Juan Carlos Gómez Becerra | ***6451** | 410,00 | 62,00 | <ul style="list-style-type: none"> - 20,00 m² soleira formigón. - 1 ud. traslado contador auga. - 8 m² muro bloque split e parte proporcional cimentación. - 8 ml celosía. - 62 m² s. urbano núcleo rural-horta. |
| 7 | 1535503nh5913n | 6 | 15355 | 3 | María Juana Campos Luhia | ***2004** | 1.209,00 | 138,00 | <ul style="list-style-type: none"> - 1 ud. edificación. - 11 m³ muro pedra e parte proporcional cimentación. - 12 ud. tuia. - 17 m² emparrado. - 138 m² s. urbano núcleo rural-horta. - 1 ud. traslado de contador auga. |
| 8 | 1535504nh5913n | 6 | 15355 | 4 | Óscar Basadre Gómez | ***2683** | 430,00 | 61,89 | <ul style="list-style-type: none"> - 7,00 m³ muro pedra formigoneira e parte proporcional cimentación. - 17 ml celosía. - 61,89 m² s. urbano núcleo rural-labradío. |
| 9 | 1734206nh5913s | 99 | 17342 | 6 | María Ángeles Seoane Fernández | ***8021** | 7.161,00 | 142,20 | <ul style="list-style-type: none"> - 32,00 m³ muro cachotaría e parte proporcional cimentación (parte reposición). - 1 ud. traslado portal. - 142,20 m² s. urbano núcleo rural-horta. |
| 10 | 1533416nh5913s | 99 | 15334 | 16 | María Dolores Sánchez Fernández | ***9570** | 2.020,00 | 183,41 | <ul style="list-style-type: none"> - 32,00 ml sebe viva. - 183,41 m² s. urbano núcleo rural-labradío. |
| 11 | 1533404nh5913s | 99 | 15334 | 4 | María Fernández Catrufo | ***2377** | 3.967,00 | 94,18 | <ul style="list-style-type: none"> - 1 ud. castiñeiro. - 14 ml sebe viva. - 94,18 m² s. urbano núcleo rural-labradío. |
| 12 | 1533403nh5913s | 99 | 15334 | 3 | Hrdos. Pilar Souto Rodríguez | ***7041** | 913,00 | 257,60 | <ul style="list-style-type: none"> - 50,00 ml sebe viva. - 7 ud. planta xardín. - 1 ud. traslado portal automático. - 1 m³ formigón en columna. - 15 m² soleira formigón. - 257,60 m² s. urbano núcleo rural-horta. |



| Nº | Ref. catastral | Polígono | Cuarteirón | Parcela | Propietario | DNI | Superficie (m ²) | Superficie afectada | Medición e descrición |
|----|----------------|----------|------------|---------|-----------------------------|-----------|------------------------------|---------------------|--|
| 13 | 1435712nh5913s | 6 | 14357 | 12 | Montserrat Grela Martínez | ***0139** | 2.532,00 | 22,80 | <ul style="list-style-type: none"> - 8,00 m² soleira formigón. - 0,50 m³ muro formigón e parte proporcional cimentación. - 8,25 m² muro bloque e parte proporcional cimentación. - 22,80 m² s. urbano núcleo rural-horta. |
| 14 | 1533402nh5913s | 99 | 15334 | 2 | Javier Concheiro Pardo | ***0144** | 269,00 | 35,85 | <ul style="list-style-type: none"> - 9,00 m² soleira formigón. - 1 m² soleira pedra. - 35,85 m² s. urbano núcleo rural-frontendificacón. |
| 15 | 1533401nh5913s | 99 | 15334 | 1 | M. Jesús Maceiras Concheiro | ***0219** | 355,00 | 20,87 | <ul style="list-style-type: none"> - 3,00 m² muro bloque e parte proporcional cimentación. - 3 ud. arbusto de xardín. - 5 ml reixa metálica. - 30 m² soleira formigón. - 7 ml sebe viva. - 20,87 m² s. urbano núcleo rural-frontendificacón. |
| 16 | 1435713nh5913s | 6 | 14357 | 13 | Olaya Ferrio Canosa | ***3191** | 1.971,00 | 70,00 | <ul style="list-style-type: none"> - 21,00 m² muro bloque e parte proporcional cimentación. - 3 ud. arbusto de xardín. - 21 ml celosía. - 1 ud. traslado portal. - 1 ud. traslado contador auga. - 70 m² s. urbano núcleo rural-xardín. |
| 17 | 1533412nh5913s | 99 | 15334 | 12 | Agustín Andrade Marzoa | ***3399** | 2.184,00 | 60,25 | <ul style="list-style-type: none"> - 1,50 m³ muro formigón e parte proporcional cimentación. - 14 m² soleira formigón. - 2 m² muro bloque e parte proporcional cimentación. - 3 ml celosía. - 34 ud. planta xardín. - 60,25 m² s. urbano núcleo rural-horta. |
| 18 | 1533415nh5913s | 99 | 15334 | 15 | Elena Brea Patiño | ***7007** | 260,00 | 36,12 | <ul style="list-style-type: none"> - 1,00 m³ muro pedra formigonada e parte proporcional cimentación. - 2 m² muro bloque e parte proporcional cimentación. - 4 m² soleira formigón. - 1 ud. traslado portal. - 36,12 m² s. urbano núcleo rural-frontendificacón. |



| Nº | Ref. catastral | Polígono | Cuarteirón | Parcela | Propietario | DNI | Superficie (m ²) | Superficie afectada | Medición e descrición |
|----|----------------|----------|------------|---------|-----------------------------|-----------|------------------------------|---------------------|--|
| 19 | 1435716nh5913s | 6 | 14357 | 16 | Manuel Rodríguez Patiño | ***3653** | 699,00 | 20,10 | – 30,00 ml malla arame. – 30 ml peche vexetal. – 2 ud. alpendre. – 20,10 m ² s. urbano núcleo rural-horta. |
| 20 | 1533414nh5913s | 99 | 15334 | 14 | Hrdos. Antolina Pose Torres | ***8861** | 668,00 | 136,75 | – 34,00 ml peche vexetal. – 3 ud. froiteira. – 1 ud. figueira. – 136,75 m ² s. urbano núcleo rural-horta. |
| 21 | 1435711nh5913s | 99 | 14357 | 11 | Agustín Andrade Marzoa | ***3399** | 1.180,00 | 48,60 | – 32,00 ml peche vexetal. – 48,60 m ² s. urbano núcleo rural-horta. |

